



¿QUÉ PIENSA CHINA?»

Icaria Editorial, 2008. Mark Leonard

O ascenso de China, como o ascenso e caída de Roma ou do imperio soviético, resoará ao longo das xeracións vindeiras. Pero entón, por que apenas sabemos nada sobre os pensadores chineses que están configurando o futuro do seu país? En que tipo de nación están a soñar? Que sabemos sobre os seus experimentos democráticos, o seu movemento antiglobalización, os seus plans para relacionarse con EE.UU? Mark Leonard achéganos unha fascinante e inesperada perspectiva sobre os debates que fan furor na sociedade chinesa actual e amósanos que o medre de China mudará radicalmente a situación do mundo.



GHATS »

Candeia Editora, 2008. Manuel Martínez

“Ghats” é o resultado en imaxes de dúas viaxes pola India, concretamente á rexión norteña de Rajastán e a Varanasi, a cidade máis sagrada para morrer da segundo a relixión hinduísta. As fotografías en cor achegan unha crónica humana, unha indagación sobre a memoria temporal que foxe dos tópicos e dos lugares comúns do turismo internacional. Os textos de Antón Lopo, Anxos Sumai, Xerardo Fernández e Roberto Ribao acompañan o autor nesa viaxe polas marxes do río. O fotógrafo Manuel Martínez creou, xunto con Xesús Otero, o estudo Signum Deseño e os seus traballos saen na revista Imagen & Comunicación.



A LA SOMBRA DE UN SILENCIOSO LUGAR DE EXTERMINIO»

Kailas Editorial 2008. Sam Sotha

En 1975 os “*xemeres esquerdistas*” dominaron Camboxa. Sam Sotha, actual asesor do primeiro ministro deste país, foi expulsado, xunto a súa dona, da cidade ao campo, como millóns de compatriotas seus. Sobreviviron ao xenocidio, pero sufriron a explotación cotiá no rexime de Pol Pot. Os abusos son narrados en primeira persona nunha conmovedora historia de loita vital. Sam Sotha comezou a escribir en 1981 estas memorias na súa lingua materna, o xemer. Traduciunas ao inglés para a súa posterior publicación, e na edición de Kailas respectaron a construción sinxela que utilizou ao escribir nun idioma que non era o seu.



LAS GOLONDRINAS DE TARTESSOS»

Editorial Almuzara, 2008. Ana María Vázquez Hoys

Na Península Ibérica xa se utilizaba a escritura miles de anos antes de que os fenicios aparecieran polas súas costas. Esta innovadora tese vén avalada polos estudos achegados nesta interesante obra escrita por Ana María Vázquez Hoys, doutora en Historia Antigua e titora na UNED dende 1980. No Museo de Huelva atópanse dous útiles atopados en sepulcros megalíticos con evidencias de escritura, e existen outras no sur peninsular. Debemos poñer en dúbida o que, ata o de agora, se considero como unha verdade irrefutable; que foran os fenicios os que nos aprenderon a escribir? E se, en realidade, tivera acontecido xusto o contrario?

